

# Curso de preparación exame Cambridge English: Business Preliminary (BEC Preliminary)

**TIPO: Intensivo/Cuadrimestral**

DURACIÓN: 45 horas

LUGAR: Campus de Vigo.

## **Obxectivos**

Curso de inglés para a preparación do exame Cambridge English: Business Preliminary (BEC Preliminary), outorgado pola University of Cambridge ESOL Examinations.

A finalidade deste curso é preparar ás persoas participantes para o exame oficial Cambridge English: Business Preliminary, correspondente ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas. O exame BEC Preliminary está recoñecido a nivel internacional por universidades, empresas e gobernos de todo o mundo.

A preparación implica familiarizarse co uso do inglés e desenvolver as destrezas necesarias a nivel B1 que as empresas esixen para as actividades comunicativas específicas no contexto dos negocios internacionais.

O exame BEC Preliminary avalía as catro destrezas, reading, writing, listening e speaking, e realízase por ordenador, agás a parte correspondente ao speaking.\*

## **Como acceder**

O requisito para acceder ao curso é que as/os solicitantes teñan coñecementos de alomenos inglés intermedio, que se deben acreditar aportando un certificado de nivel B1 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Nivel Intermedio 2 da Escola Oficial de Idiomas
- Acreditación B1 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación B1 CertAcles

- Cambridge PET
- Trinity College ISE I
- TOEFL 57-86
- IELTS 4-5

## **Certificados**

- CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

## **Prezos \*\***

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 270 €

Público en xeral: 315 €

## **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

**\*O prezo do exame BEC Preliminary non está incluído na matrícula do curso.**

**\*Segundo o acordado co Centro Examinador de Cambridge de Vigo, a convocatoria do exame BEC Preliminary abrirase sempre que haxa alomenos 8 candidatos para o exame e terá lugar o 25/11/2015 na cidade de Vigo.**

\* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.